

**CONCELLO DE  
OLEIROS**

## **ANUNCIO**

### **PUBLICIDADE DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2022006341, DE 22 DE DECEMBRO, DA CONCESIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS A DEPORTISTAS PARA ASISTENCIA A COMPETICIÓNS.**

**Nº expte.- 2022/EGFAB/000054**

**BDNS (Identif.): 614631**

#### ***Antecedentes***

I.- Mediante Decreto da Alcadía nº 2022000950, de data 09/03/2022, aprobouse a convocatoria de axudas a deportistas para asistencia a competicións durante o ano 2022, que foi publicada –por conduto da BDNS- no Boletín Oficial da Provincia de 16 de marzo de 2022.

II.- En data 30 de novembro de 2022 as solicitudes presentadas foron avaliadas polo órgano instrutor designado na convocatoria. Comprobouse a documentación correspondente, constatándose que todos os solicitantes están ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social, e o Concello de Oleiros e que cumpren cos requisitos de participación en competicións que se establecen no parágrafo III da convocatoria.

III.- A proposta de resolución provisional foi debidamente publicitada, concedéndose aos interesados un prazo de 10 días para alegacións. Non foi presentada ningunha.

IV.- O 20/12 o órgano instrutor emite informe con proposta de resolución definitiva. Na mesma data o expediente é informado favorablemente pola Intervención Municipal.

#### ***Fundamentos***

1º.- Polo órgano instrutor comprobouse o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, resultando o seguinte:

- ✓ Todos están empadroados no Concello de xeito consecutivo durante os tres anos completos anteriores á data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.
- ✓ Todos están en posesión da correspondente licenza federativa vixente na data da solicitude na disciplina deportiva correspondente.
- ✓ Todos están ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- ✓ Ningún dos solicitantes ten débedas co Concello de Oleiros.

2º.- Polo que respeta aos requisitos de participación en competicións que se establecen no parágrafo III da convocatoria, resulta o seguinte:



- ✓ 54153378Q.- Foi requerido para acreditar o carácter oficial da competición para a que solicitou a axuda. (artigo III.3 da convocatoria: “*Agás nos casos de Campionatos de España, de Europa, do Mundo e Xogos Olímpicos, poderase requerir aos deportistas que acrediten o carácter oficial da competición para a que soliciten axuda (Opens, Copas, Torneos,etc)*”).

Non respondeu ao requerimento no prazo outorgado, polo cal debe considerarse desistido da súa solicitude.

- ✓ 49333811F.- O campionato para o que solicita axuda (Copa de Europa) celebrouse nunha localidade que dista menos de 500 km. de Oleiros, polo cal non lle corresponde axuda en función da distancia.
- ✓ 49204324X.- Das 5 competicións para as que solicita axuda, só son acumulables as tres que se relacionan no cadro Anexo (Campionatos do Mundo e Campionato de Europa).

**3º.-** O importe das axudas que corresponderían aos solicitantes excede do importe da convocatoria, polo cal, en aplicación do disposto no artigo V.4 da convocatoria (*no suposto de que o importe da convocatoria fose insuficiente para outorgar as cantidades que correspondesen a cada deportista, efectuarase unha minoración proporcional nos importes de todos os beneficiarios, ata que o importe total da concesión se equipare ao total da convocatoria*), deberá procederse ao rateo das cantidades a conceder.


Polo exposto, resultando que de acordo coa convocatoria a Alcaldía é o órgano competente para resolver,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Conceder as seguintes axudas, ao abeiro da *Convocatoria de axudas a deportistas para asistencia a competicións* no ano 2022:

DEPORTISTA	NIF	CAMPEONATO	IMPORTE
-----	47364585H	CAMPEONATO DE EUROPA	739,73
-----	54153377S	CAMPEONATO DE EUROPA	657,53
-----	58002346A	CAMPEONATO DO MUNDO	1.109,59
-----	49204324X	CAMPEONATO DO MUNDO JUNIOR 2022	1.109,59
		CAMPEONATO DE EUROPA JUNIOR SUPERSPRINT	904,11
		CAMPEONATO DO MUNDO JUNIOR 2021	863,01
-----	48116771N	COPA DO MUNDO	410,96
-----	47371435Z	CAMPEONATO DO MUNDO	1.109,59
-----	49204800A	CAMPEONATO DE EUROPA	821,92
		CAMPEONATO DO MUNDO	1.027,40
-----	49200000X	CAMPEONATO DE EUROPA	657,53
		CAMPEONATO DO MUNDO 2021	1.109,59





**CONCELLO DE  
OLEIROS**

-----	49473844Q	CAMPEONATO DE ESPAÑA	493,15
-----	48116798Q	CAMPEONATO DE ESPAÑA JUNIOR DE VERANO	493,15
-----	47363797N	CAMPEONATO DE ESPAÑA POR CLUBES	493,15
		<b>TOTAL</b>	<b>12.000,00</b>

**Segundo.-** Considerar desistido da súa solicitude a....., con NIF 54153378Q, por non ter respostado ao requerimento de emenda e mellora da solicitude.

**Terceiro.-** Denegar a axuda solicitada por....., con NIF 49333811F, por non darse o suposto de feito que motiva a concesión da axuda, ao tratarse dunha Copa de Europa que dista menos de 500 km de Oleiros.

**Cuarto.-** Informar aos beneficiarios que en cumprimento da normativa vixente estas axudas serán consideradas, a efectos do IRPF, como rendementos de actividades profesionais, polo que se lles aplicará a retención do 15% no momento do pagamento.

**Quinto.-** Publicar o contido do presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello de Oleiros, e no do Centro Cultural “A Fábrica”, así como na páxina web do Concello

**Sexto.-** Facer saber aos interesados que contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ao da publicación da mesma, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura ao pé deste anuncio polo Instrutor do procedemento.

